

# XORNADAS DE PROTECCIÓN DAS COVAS PRESERVING KARST AND PSEUDOKARST CAVES


O SISTEMA PSEUDOCÁRSTICO DE "O FOLÓN": UN EXEMPLO DE EXPEDIENTE DE PROTECCIÓN



## ORGANIZAN



## COLABORAN



o teu planeta necesítale!

**UNidos contra  
o cambio climático**



PNUMA

DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE, 5 DE XUÑO 2009

# XORNADAS DE PROTECCIÓN DAS COVAS

## PRESERVING KARST AND PSEUDOKARST CAVES

### O SISTEMA PSEUDOCÁRSTICO DE “O FOLÓN”: UN EJEMPLO DE EXPEDIENTE DE PROTECCIÓN

#### PRESENTACIÓN DA ACTIVIDADE E OBXECTIVOS

As Xornadas de Protección das Covas organízanse atendendo aos seguintes obxectivos:

- Fomentar a protección das covas e a espeleoloxía responsábel como parte da campaña da ECPC-FSUE.
- Informar do marco legal-proteccionista vixente na nosa comunidade.
- Amosar actuacións que se están a desenvolver en Galicia, en materia de protección de covas e dos seus valores naturais, xeolóxicos, biolóxicos e patrimoniais
- Fomenta-lo eido da protección técnica e promove-la organización dun proxecto de recuperación pro 2010 no seo da FGE.
- Promover a organización da vocalía de protección da FGE, na liña estrutural do ECPC, pra facilita-la notificación e xestión de actuacións relativas á protección do carst, pseudocarst, e das covas.

#### A ORGANIZACIÓN

O Clube Espeleolóxico Maúxo (CEM) é un clube de espeleoloxía constituído en 1992, entidade privada sen ánimo de lucro que ten entre os seus fins o estudo das cavidades naturais cársticas e non cársticas, as cavidades artificiais, así como a protección das mesmas e do seu patrimonio natural, xeolóxico, arqueolóxico e antropolóxico asociado.

O CEM está adscrito á Federación Galega de Espeleoloxía (FGE) e mais a Federación Española de Espeleología (FEE) dende 1994 e tamén á *Commission for Pseudokarst, Department of Scientific Research International Union of Speleology (UIS)* dende maio de 2006, logo de colaborar con este comité dende 1998. É membro do *Technical and Scientific Cave Protection Work Team, European Cave Protection Commission - Federation Speleologique de l'Union Europeenne (FSUE)* dende a súa constitución en outubro de 2007.

Desenvolve a súa actividade científico-espeleolóxica no pseudocarst e no carst subglaciar co Instituto Universitario de Xeoloxía “Parga Pondal” (IUX) da Universidade de A Coruña (UDC), en calidade de investigador asociado.

#### DATAS E LUGAR DE CELEBRACION

As Xornadas de Protección das Covas celebraranse en VIGO, os días 6 e 7 de xuño de 2009, fin de semana máis achegado ao WED2009.

As presentacións e sesións de traballo desenvolveranse o 6 de xuño, no VERBUM-CASA DAS PALABRAS, na Avenida de Samil. As actividades de campo celebraranse o 7 de xuño, con visita á paraxe e cova de O Folón no Monte Maúxo, cavidade pseudocarsáica para a que se iniciou o expediente de declaración de Monumento Natural no 2007.

#### PREINSCRICIÓN E RESERVA

Co obxectivo de organizar axeitadamente a actividade, requírese preinscrición das persoas participantes. Será suficiente notificar vía mail ([mauxo@mauxo.com](mailto:mauxo@mauxo.com)) a relación de participantes federados e clube ao que pertencen no seu caso. Se require licencia da Federación Galega de Espeleoloxía en vigor pro 2009. A data límite de preinscrición é o 22 de maio de 2009.

As comidas e ceas son libres e a conta das persoas participantes, máis por comidade, a organización ten previsto facer reserva nun dos restuarantes próximos ao Verbum. As persoas interesadas en que se lles faga reserva deberán sinalalo no mail.

O aloxamento corre a cargo das persoas participantes. A modo informativo, sinálanse por proximidade os campings situados na propia Avenida de Samil.

#### DIRECCIÓNS DE INTERESE

VERBUM – Avenida de Samil, 17 – 36212 Vigo

CAMPING PLAYA SAMIL – Avenida de Samil, 71. San Pelaio de Navia – Vigo (Telf. 986 240 210)

CAMPING CANIDO – Canido, 151. Canido – Vigo (986 462 072)

# PROGRAMA

## VERBUM – A CASA DAS PALABRAS 6 DE XUÑO 2009

09:00	<b>RECEPCIÓN - ACREDITACIÓN</b>
<b>PARTE I – SOBRE A PROTECCIÓN DAS COVAS</b>	
09:15	A PROTECCIÓN DAS COVAS NO ORGANIGRAMA DA ESPELEOLOXÍA MUNDIAL •UIS, ECPC – FSUE, FEE, FGE Ponentes: Marcos Vaqueiro Rodríguez
09:45	ASPECTOS FUNDAMENTAIS DA PROTECCIÓN •A protección das covas: Carst e pseudocarst. Presentacións: Pseudokarst in granites – Vercors 2008; Karst in quartzites – ICGC 2007 / Vercors 2008 •Patrimonio natural, xeolóxico, arqueolóxico-paleontolóxico e etnográfico-cultural. Ponentes: Reinaldo Costas Vázquez e Rosa María Suárez Pérez
10:30	<b>PAUSA PARA CAFE</b>
10:45	MARCO NORMATIVO E LEGAL: Lexislación comunitaria, nacional e autonómica Ponentes: Eduardo Méndez Quintas e Orlando Gregorio
11:30	GUÍAS E REFERENCIAS INTERNACIONAIS (IUCN-GLICS) Ponentes: Xavier Groba González e Juan Ramón Vidal Romani
12:30	PROMOCIÓN E EDUCACIÓN PRA PROTECCIÓN •Directrices da FSUE pra unha espeleoloxía responsable Ponentes: Elena María Varela Alonso e Tereixa Otero Dacosta
<b>PARTE II – TALLER PRÁCTICO DE CONSERVACIÓN</b>	
12:50	PROTECCIÓN TÉCNICA: Conservación e restauración Ponentes: Marcos Vaqueiro Rodríguez
13:30	<b>PAUSA PARA COMIDA</b>
15:00	PROTECCIÓN TÉCNICA: Bioindicadores e propagación de contaminates nas covas Ponentes: Xurxo Gago
16:00	EXEMPLOS DE ACTUACIÓNS: •¿Qué? ¿Quen? ¿Cómo? ¿Onde?... Comunicaci3ns de achádegos patrimoniais: A declaración de bens patrimoniais como base da protecci3n. • O expediente de proteccion de O Fol3n: Fundamentos pra declaración de Monumento Natural e Ben de Interese Cultural. Ponentes: Xavier Groba González e Marcos Vaqueiro Rodríguez
18:00	MESA REDONDA • Difusi3n e protecci3n: ¿Base de datos FGE covas/valores patrimoniais-naturais? • <i>Cave Cleaning/Restoring Day in the FSUE</i> : Rexeneraci3n de espeleotemas e restauraci3n de covas: ¿Proxecto da FGE para o 2010?

## 7 DE XUÑO 2009 (O FOLÓN – MONTE MAÚXO)

09:00	<b>RECEPCIÓN - ACREDITACIÓN</b>
<b>PARTE III – ACTIVIDADES DE CAMPO</b> A cavidade de O Fol3n: Monumento Natural e Ben de Interese Cultural.	
09:15	Visita do entorno da cavidade: • Paraxe natural • Xénese e desenvolvemento do pseudocarst en granitos
13:00	<b>PECHE DAS XORNADAS</b>



# European Cave Protection Commission

Fédération Spéléologique de l'Union Européenne



Quero saber mais sobre a Comissão Europeia de Protecção das Cavernas? Clique aqui para saber mais sobre a Comissão Europeia de Protecção das Cavernas.

[commission](#) [cave protection](#) [contact](#) [work usans](#) [partner](#) [bibliography](#) [documents](#)  
[1st EuroSpeleo Protection Symposium](#) [EuroSpeleo Protection Label](#) [links](#) [news](#)

[http://fsue.ffspeleo.fr/commission/protection/index\\_commission.htm](http://fsue.ffspeleo.fr/commission/protection/index_commission.htm)

## WED 2009 – DÍA MUNDIAL DO MEDIOAMBIENTE

World Environment Day 2009 Unite Nations Environment Program

O Día Mundial do Medio Ambiente (DMMA) foi establecido pola Asemblea Xeral da ONU no 1972 para marcar a apertura da Conferencia de Estocolmo sobre o Medioambiente Humano.

Conmemórase cada ano o 5 de xuño: (DMMA) é un dos vehículos principais a través do que Nacións Unidas esimula o coñecemento mundial do medioambiente e aumenta a atención e acción política.

A axenda do día é para:

- 1.- Dar unha cara humana aos problemas medioambientais.
- 2.- Autorizar ás persoas para facerse axentes activas do desenvolvemento sostible e equitativo.
- 3.- Promover unha comprensión que as comunidades son cruciais para mudar actitudes hacia os problemas medioambientais.
- 4.- Impulsar sociedades que garantirán a todas as nacións e aos seus habitantes disfrutar un futuro máis seguro e máis próspero.

United Nations Environment Programme  
**World Environment Day 2009**



**¡tu planeta te necesita!**

**UNidos contra  
el cambio climático** PNUMA

DÍA MUNDIAL DE L MEDIO AMBIENTE, 5 DE JUNIO 2009

<http://www.unep.org/wed/2009/spanish/index.asp>

